



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS

(A Coruña)
CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS
C/ A CORUÑA 400D

REGISTRO DE DOCUMENTOS

- 7 XUÑ. 2013

SAÍDA N° 912

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Francisco García Trigo e Braulio Amaro Caamaño
Campo do Castro, 14- Corcoesto
15111 Cabana de Bergantiños

Poño no seu coñecemento que o sr. Alcalde dictou o seis de xuño de dous mil trece a seguinte:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA N° 348/2013, DO 6 DE XUÑO.

Visto o escrito presentado por Don Francisco García Trigo e D. Braulio Amaro Caamaño (RE nº 1215/2013 de 29 de maio), no que solicita dispor do auditorio municipal de Cabana de Bergantiños para o día 14 de xuño ás 20.00 horas para dar unha conferencia informativa sobre as consecuencias de “O proxecto de mina a ceo aberto de Corcoesto”

Visto que, consultados os servizos municipais sobre a disponibilidade do mesmo, o técnico de cultura emitiu informe con data 5 de xuño, no que se conclúe que “é imposible atender a mesma debido a que o auditorio está ocupado, xa que ao día seguinte é o festival –clausura da Escola Municipal de Música, e o auditorio está preparado para que os nenos ensaien (escenario con todos os instrumentos colocados xa desde o xoves pola mañán, con batería, dous pianos, guitarras cos seus amplificadores, atriles etc; e ademáis ese mesmo día ensaien ata as 21:00”.

Visto o anterior e en virtude da competencia atribuída polo artigo 21.1.s da Lei 7/1985 de 2 de abril de Bases de Réxime Local

PRIMEIRO.- Non autorizar o uso do auditorio municipal para o día 14 de xuño de 2013 ás 20.00 horas aos solicitantes por atoparse dita instalación ocupada.

SEGUNDO.- Notificar a presente aos interesados.

Mándao e asínao o Alcalde-Presidente Don José Muíño Domínguez na casa do concello de Cabana de Bergantiños, o seis de xuño de dous mil trece, diante de min, a Secretaria, que dou fe e certifico. O Alcalde, Asdo.: José Muíño Domínguez. A Secretaria, Asdo.: Paula M^a Suárez Cotelo.”

I-O que notifico a Vde. significándolle que contra o acto anteriormente expresado, que pon fin á vía administrativa, poderá optar, consonte ó disposto no artigo 116.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, na súa redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, por:

A.-Interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia dentro do prazo DUN MES contado dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación, advertíndolle que, segundo o establecido no artigo 116.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, na súa redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producir a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. E consonte ó disposto nos parágrafos 1 e 4 do artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, o prazo para interpoñer o devandito recurso contencioso-administrativo será:

- Se fora expresa a resolución do recurso potestativo de reposición: DOUS MESES contados dende o día seguinte a aquel en que se notifique dita resolución.

- Se non fora expresa a resolución do recurso potestativo de reposición: SEIS MESES contados dende o día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso potestativo de reposición.

B.-Interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante os órganos do orde xurisdiccional contencioso-administrativo que correspondan, consonte ó disposto nos artigos 8, 10 e 13 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, no prazo de DOUS MESES contados dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación, en harmonía co establecido no artigo 46 da devandita Lei.

II.-Non obstante, e se o considera convinte, poderá exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

Asinará o duplicado para constancia.

O que se lle notifica ós correspondentes efectos.

Cabana de Bergantiños, sete de xuño de dous mil trece

A Secretaria,



Asdo.: Paula M^a Suárez Cotelo

Recibín o orixinal do presente escrito

o de 07/06/2013

O/a Interesado/a,